

Estratategia galega sobre discapacidade 2015-2020



Versión en lectura fácil

XUNTA DE GALICIA



Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020

Versión en lectura fácil

Xunta de Galicia

Consellería de Política Social

Dirección Xeral de Maiores e Persoas con
Discapacidade

Santiago de Compostela, 2017

Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020.
Versión en lectura fácil

Resumo da Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020:
Retnova Consultora

Adaptación a lectura fácil:
FADEMGGA Plena inclusión Galicia

Validación de textos por usuarios da asociación ASPAS
de Santiago de Compostela:
Encarnación Rodeiro Mougán, José Antonio Martínez Balado,
Darío Giménez Gendre, Luisa Fandiño Couselo

© da edición, Xunta de Galicia. 2015. Estratexia galega sobre
discapacidade 2015-2020. Versión en lectura fácil



EDITA:
Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Maiores e
Persoas con Discapacidade

URL:
<https://libraria.xunta.gal/gl/estratexia-galega-sobre-discapacidade-2015-2020-version-en-lectura-facil>

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.
CompartirIgual 4.0 España de Creative Commons. Para ver
unha copia de licenza, visite:
https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES

Índice

	páxina
Presentación	9
Introdución.....	11
¿Que quere conseguir a Xunta de Galicia coa Estratexia?	15
Ideas importantes	17
Partes da Estratexia	21
1 Accesibilidade.....	23
2 Autonomía persoal	27
3 Educación	33
4 Formación e emprego	39
5 Saúde	45
6 Servizos sociais	51
Anexo. Adaptación e validación da Estratexia	57

Presentación

A Xunta de Galicia

quere que todas as persoas estean ben, sobre todo, as persoas máis necesitadas.

Xunta de Galicia: é o goberno de Galicia.

A Xunta de Galicia traballa coas asociacións de persoas con discapacidade para mellorar a vida das persoas con discapacidade e as súas familias.

Nos próximos anos, a Xunta de Galicia e as súas **consellerías** seguirán apoiando os galegos e as galegas con discapacidade a través de axudas económicas e servizos.

Consellerías: Son os diferentes departamentos da Xunta de Galicia. Por exemplo a Consellería de Política Social

As axudas económicas son cartos que a Xunta de Galicia dá ás persoas con discapacidade para pagar algunha das súas necesidades. Os servizos son, por exemplo, as residencias ou centros ocupacionais.

A Xunta de Galicia traballará tamén para que as persoas con discapacidade participen máis na sociedade e sexan máis **autónomas**.

Autónoma: unha persoa autónoma decide e válese por si mesma.

A Estratexia galega sobre discapacidade é un documento da Xunta de Galicia.

A Estratexia explica as accións que quere facer a Xunta de Galicia para mellorar a vida das persoas con discapacidade e das súas familias.

A Xunta de Galicia realizará estas accións coa axuda das **asociacións** de persoas con discapacidade e dos concellos.

A Xunta de Galicia realizará estas accións dende o ano 2015 ata o ano 2020.

Asociación:
grupo de persoas que se unen para conseguir algo xuntos.

Este documento é un resumo da Estratexia galega sobre discapacidade, en lectura fácil.

A lectura fácil é unha forma de escribir e adaptar textos para que as persoas con problemas de comprensión lectora os entendan mellor.

A Xunta de Galicia quere que a maioría das persoas con discapacidade poidan ler e entender a Estratexia.

Introdución

A Estratexia galega sobre discapacidade segue as ideas da Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade.

As Nacións Unidas son un grupo de países que defenden a paz no mundo e queren mellorar a vida das persoas.

A Convención é un acordo importante dun grupo de países sobre os dereitos das persoas con discapacidade.

A Convención di que os homes e as mulleres con discapacidade teñen os mesmos dereitos que as demais persoas.

Tamén di que os gobernos deben defender os dereitos das persoas con discapacidade

Os gobernos intentarán que as persoas con discapacidade participen máis na sociedade.

A Organización Mundial da Saúde é unha organización que forma parte das Nacións Unidas. A Organización Mundial da Saúde traballa para que todas as persoas teñan boa saúde.

A Organización Mundial da Saúde di que a discapacidade é o resultado das características da propia persoa e da sociedade onde vive.

As persoas con discapacidade encontran dificultades para realizar algunhas tarefas ou conseguir algo, na sociedade na que viven

Por exemplo, unha escaleira é unha dificultade para unha persoa con cadeira de rodas.

Por exemplo, un documento con linguaxe complicada é unha dificultade para unha persoa con discapacidade intelectual.

Coa Estratexia, a Xunta de Galicia quere eliminar as dificultades que encontran as persoas con discapacidade na súa vida.

Todas as persoas formamos parte da sociedade e podemos axudar a eliminar estas dificultades para as persoas con discapacidade.

A Xunta de Galicia leva anos facendo esforzos para conseguir a participación das persoas con discapacidade na sociedade. Por exemplo no emprego, na educación, na cultura ou no ocio.

Esta estratexia recolle as accións que quere facer a Xunta de Galicia, para mellorar a vida das persoas con discapacidade e as súas familias.

A Xunta realizará estas accións dende o ano 2015 ata o ano 2020.

A Consellería de Política Social da Xunta de Galicia é a responsable de elaborar e levar a cabo esta estratexia.

A Consellería de Política Social é o departamento da Xunta de Galicia que organiza e dirixe os servizos sociais.

A Consellería de Política Social elaborou esta estratexia coa axuda de:

- Todas as consellerías da Xunta de Galicia.
Por exemplo a Consellería de Educación ou a Consellería de Sanidade.
- As asociacións de persoas con discapacidade.
- Os profesionais
que traballan coas persoas con discapacidade e as súas familias.

A Xunta de Galicia, os profesionais e as asociacións de persoas con discapacidade deben traballar xuntos para lograr a inclusión social das persoas con discapacidade.

A inclusión social significa que as persoas con discapacidade participan na sociedade igual que as demais persoas. Por exemplo, na educación, no emprego ou na política.

Que quere conseguir a Xunta de Galicia coa Estratexia?

A Xunta de Galicia quere conseguir con esta estratexia:

- Que as persoas con discapacidade teñan os mesmos dereitos que as demais persoas.
- Que as persoas con discapacidade teñan a oportunidade de facer o que desexan.
- Que as persoas con discapacidade sexan máis independentes.
- Que as persoas con discapacidade teñan oportunidades de aprender na escola, nos institutos e na universidade.
- Que as persoas con discapacidade teñan traballo.
- Que as persoas con discapacidade teñan **apoios** para aprender e levar a cabo o seu posto de traballo.

Apoio: é unha axuda para mellorar a nosa vida. Os apoios poden ser materiais como uns lentes ou persoas que nos axudan.

- Que as persoas con discapacidade teñan unha boa atención médica.
- Que as persoas con discapacidade teñan mellores axudas e servizos para atender as súas necesidades.
- Que as persoas con discapacidade participen nunha sociedade máis accesible.
Un lugar é accesible cando podemos movernos por el sen axuda.
Un aparato ou servizo é accesible cando é fácil de usar e entender.
Por exemplo un móbil con números grandes.
- Que as persoas con discapacidade participen nunha sociedade **xusta**.

Xusto: unha persoa xusta respecta os dereitos de todas as persoas.

Ideas importantes

A Xunta de Galicia seguiu estas ideas importantes para elaborar esta estratexia:

- Todas as persoas son iguais ante a lei e teñen que ser tratadas da mesma maneira. As persoas con discapacidade teñen os mesmos dereitos que as demais persoas e deben ter as mesmas oportunidades.
- As persoas con discapacidade teñen dereito a vivir de forma independente. As persoas con discapacidade deben tomar decisións sobre as súas vidas e ter os apoios necesarios para vivir como queiran.
- Debemos respectar as diferenzas entre as persoas. Todas as persoas somos diferentes. Por exemplon, unhas persoas teñen discapacidade e outras non.

- Todas as persoas poden axudar a mellorar a vida das persoas con discapacidade.

Por iso, a Xunta de Galicia elaborou a Estratexia coa axuda das asociacións de persoas con discapacidade.

As asociacións de persoas con discapacidade e a Xunta de Galicia puxéronse de acordo para elaborar as accións desta estratexia.

As asociacións de persoas con discapacidade, a Xunta de Galicia e os Concellos van poñer en marcha as accións desta estratexia.

- As accións da Estratexia teñen en conta todas as necesidades das persoas con discapacidade. Por exemplo en educación, na saúde, no emprego ou no deporte.

Por este motivo, diferentes consellerías da Xunta de Galicia participan tamén na Estratexia.

Por exemplo a Consellería de Sanidade ou a Consellería de Educación.

- As accións da Estratexia queren facer máis accesible a vida das persoas con discapacidade.
Por exemplo a educación, o emprego ou a saúde.
- As persoas con discapacidade, as súas familias e as asociacións de persoas con discapacidade deben participar en todas as accións da Estratexia.
- A Estratexia quere coñecer o día a día das persoas con discapacidade.
Tamén quere mellorar os servizos para as persoas con discapacidade e revisar que funcionan ben.
- As mulleres con discapacidade e os homes con discapacidade teñen necesidades diferentes.

A Estratexia ten en conta as necesidades das mulleres con discapacidade e as necesidades dos homes con discapacidade.

Partes da Estratexia

A Estratexia galega sobre discapacidade recolle as accións que quere facer a Xunta de Galicia, para mellorar a vida das persoas con discapacidade.

A Xunta de Galicia vai poñer en marcha estas accións coa axuda das asociacións de persoas con discapacidade e dos concellos.

A Estratexia está dividida en 6 partes ou apartados.

A Xunta de Galicia e as asociacións de persoas con discapacidade decidiron as 6 partes desta estratexia:

1 Accesibilidade

2 Autonomía persoal

3 Educación

4 Formación e emprego

5 Saúde

6 Servizos sociais

1 Acessibilidade

A Xunta de Galicia quere que os edificios, os espazos públicos e os seus servizos sexan máis accesibles para as persoas con discapacidade.

Por este motivo, a Xunta vai poñer en marcha as seguintes accións:

- A Xunta de Galicia mellorará as **leis** sobre accesibilidade e controlará que se cumpran.
- A Xunta de Galicia mellorará a accesibilidade dos seus edificios.
- A Xunta de Galicia traballará con persoas expertas en accesibilidade e persoas con discapacidade para construír cidades máis accesibles para todas as persoas.
- A Xunta de Galicia controlará que todos os edificios en construción ou reforma cumpren as leis de accesibilidade.
- A Xunta de Galicia traballará para que os comercios, bares e restaurantes sexan máis accesibles.

Lei:
normas que as persoas deben cumprir.

- A Xunta de Galicia mellorará a accesibilidade de lugares turísticos. Por exemplo, nos museos ou nos monumentos.
- A Xunta de Galicia vai facer máis accesibles os transportes públicos. Por exemplo, o autobús.
- A Xunta de Galicia dará a información nos seus servizos, de forma fácil. Por exemplo nos hospitais, nos xulgados ou na televisión de Galicia. Utilizará documentos en lectura fácil para dar información. Tamén usará imaxes para que entendan a información as persoas con discapacidade intelectual ou persoas con problemas de comunicación.
- A Xunta mellorará os sinais e a información para moverse en espazos naturais e tamén polos lugares da cidade como museos ou monumentos.
- A Xunta de Galicia intentará conseguir que as persoas con discapacidade poidan usar distintos medios de comunicación e información. Por exemplo, os ordenadores, internet, os móbiles, ou a radio e a televisión.

- A Xunta de Galicia pedirá ás persoas con discapacidade que revisen a accesibilidade dos edificios, lugares públicos e os seus servizos.
- A Xunta de Galicia informará as empresas, os concellos e a todas as persoas sobre a importancia da accesibilidade para todos.
- A Xunta de Galicia dará formación e informará sobre accesibilidade:
 - Todas as persoas.
 - Os traballadores dos servizos da Xunta de Galicia.
 - Os traballadores de comercios, hoteis, bares e restaurantes.
 - Os traballadores que constrúen e reforman as cidades, as rúas, os parques e outros espazos públicos.

2

Autonomía persoal

A Xunta de Galicia quere conseguir que as persoas con discapacidade sexan máis **autónomas** e participen na sociedade.

A Xunta de Galicia coa axuda das asociacións de persoas con discapacidade e dos concellos, vai poñer en marcha as seguintes accións, para mellorar autonomía das persoas con discapacidade:

- A Xunta de Galicia prestará produtos de apoio ás persoas con discapacidade.

Os produtos de apoio son aparatos ou ferramentas que axudan as persoas con discapacidade a ser máis autónomas.

Por exemplo, unha pantalla de ordenador con letras grandes axuda a unha persoa que ve pouco.

As persoas con discapacidade terán produtos de apoio adaptados á súa discapacidade.

- A Xunta de Galicia axudará as persoas con discapacidade para que sigan vivindo onde viviron sempre.

Para isto, a Xunta de Galicia organizará actividades de ocio con persoas voluntarias para as persoas con discapacidade.

A Xunta de Galicia organizará formación para que as persoas con discapacidade sexan máis independentes.

A Xunta de Galicia dará axudas económicas ás asociacións de persoas con discapacidade dos pobos e das cidades.

A Xunta de Galicia poñerá á disposición das persoas con discapacidade, vivendas para que vivan varias persoas.

A Xunta de Galicia axudará as persoas con discapacidade a pagar os gastos dun asistente persoal. Un asistente persoal é unha persoa que axuda unha persoa con discapacidade a facer as tarefas da vida diaria.

Por exemplo, axuda a persoa a lavarse, vestirse, mercar no supermercado ou ir ao médico.

- A Xunta de Galicia prestará vivendas adaptadas ás asociacións das persoas con discapacidade para que as poidan usar durante un tempo.
- A Xunta de Galicia poñerá en marcha servizos para mellorar a independencia das persoas con discapacidade de máis idade.
- A Xunta de Galicia dará formación e informará as persoas con discapacidade e as súas familias sobre relacións afectivas e sexualidade. Publicará libros e vídeos fáciles de comprender sobre relacións afectivas e sexualidade.

As relacións afectivas son relacións entre persoas nas que existen emocións positivas ou negativas. Por exemplo relacións de amizade ou de parella.

A Xunta de Galicia tamén dará formación aos profesionais dos centros de información sobre relacións afectivas e sexualidade. Esta formación será para que os profesionais destes centros atendan mellor as persoas con discapacidade.

- A Xunta de Galicia informará todas as persoas sobre a importancia da autonomía das persoas con discapacidade
Tamén dará formación sobre a importancia da autonomía das persoas con discapacidade, ás familias, ao persoal da Xunta de Galicia e a todas as persoas.
- A Xunta de Galicia traballará para que as persoas con discapacidade e as asociacións das persoas con discapacidade tomen decisións sobre autonomía persoal.

3

Educación

A Xunta de Galicia quere que as persoas con discapacidade estuden ao longo da súa vida nas mesmas condicións que as demais persoas.

A Xunta de Galicia quere que as persoas con discapacidade aprendan en todos os **centros educativos** e teñan relación co resto do alumnado. Para isto, a Xunta de Galicia vai a poñer en marcha as seguintes accións:

- A Xunta de Galicia seguirá cambiando as leis galegas de educación para lograr a inclusión escolar das persoas con discapacidade.

A inclusión escolar significa que as persoas con discapacidade teñan as mesmas oportunidades de aprender que as demais persoas, na escola, no instituto e na universidade

Centro educativo:
Lugar onde as persoas aprenden. Por exemplo, colexio, instituto, universidade.

- A Xunta de Galicia axudará os colexios e o profesorado a dar una mellor atención educativa ao alumnado con necesidades educativas especiais.

O alumnado con necesidades educativas especiais necesita axuda para aprender.

Algunhas persoas con discapacidade teñen necesidades educativas especiais.

O alumnado con necesidades educativas especiais ten dereito a apoios educativos e adaptacións curriculares, para ter as mesmas oportunidades de aprender que as demais persoas.

O apoio educativo é a axuda do profesorado ao alumnado, nalgunha materia.

As adaptacións curriculares son cambios nas materias, na forma de aprender e na forma de avaliar o alumnado, para ter en conta as necesidades de cada un.

- A Xunta de Galicia aconsellará e axudará o alumnado con discapacidade a decidir se queren seguir estudando ou non.

- A Xunta de Galicia traballará para que as persoas con discapacidade consigan certificados de estudos.

Os certificados de estudos recollen os estudos dunha persoa e os seus coñecementos. Os certificados de estudos dan ás persoas máis oportunidades de seguir estudando ou lograr un posto de traballo.

- A Xunta de Galicia traballará para que máis persoas con discapacidade estuden na universidade ou formación profesional.
- A Xunta de Galicia fará os centros educativos máis accesibles.
- A Xunta de Galicia mellorará o transporte para o alumnado que ten dificultades para moverse.
- A Xunta de Galicia dará formación ao persoal dos centros educativos para atender mellor o alumnado con discapacidade.

- A Xunta de Galicia intentará conseguir que o persoal que atende o alumnado con necesidades educativas especiais colaboren e traballen xuntos.
- A Xunta de Galicia intentará conseguir que as persoas con discapacidade e as asociacións de persoas con discapacidade participen máis na **comunidade escolar** e nas decisións sobre a educación.

Comunidade escolar: son as persoas que participan nos centros educativos. Por exemplo, o profesorado, o alumnado ou as familias.

4

Formación e emprego

A Xunta de Galicia quere conseguir que as persoas con discapacidade consigan un emprego.

A Xunta de Galicia vai poñer en marcha as seguintes accións para mellorar as posibilidades de traballar das persoas con discapacidade:

- A Xunta de Galicia dará formación adaptada ás necesidades das persoas con discapacidade. A formación será sobre todo práctica, para aprender a realizar un traballo. A formación irá acompañada de prácticas en empresas.
- A Xunta de Galicia dará formación con prácticas en empresas. As empresas deben comprometerse a contratar algunha das persoas que fixo as prácticas.
- A Xunta de Galicia dará formación accesible para as persoas con discapacidade. Os centros de formación terán materiais adaptados e organizarán cursos de teleformación. Os cursos de teleformación son cursos que se fan por internet, coa axuda dun profesor ou profesora.

- A Xunta de Galicia mellorará as leis para que as persoas con discapacidade podan conseguir un traballo, cambiar de traballo ou **ascender** de traballo, na Xunta de Galicia.
- A Xunta de Galicia intentará conseguir que os postos de traballo sexan accesibles para as persoas con distintas discapacidades.
- A lei di que as persoas con discapacidade deben ter exames adaptados para acceder a un emprego. A Xunta de Galicia controlará que esta lei se cumpre. Tamén controlará que as persoas con discapacidade teñen no seu posto de traballo as adaptacións que di a lei.
- A Xunta de Galicia intentará que as empresas e as asociacións sen ánimo de lucro contraten persoas con discapacidade. As asociacións sen ánimo de lucro son asociacións que non buscan gañar cartos
- A Xunta de Galicia contratará empresas nas que traballan persoas con discapacidade.

Ascender:
subir de
posto de
traballo.

- A Xunta de Galicia seguirá axudando os centros especiais de emprego.
Os centros especiais de emprego son empresas na que a maioría do persoal son persoas con discapacidade.
O persoal dos centros especiais de emprego ten axuda de persoas de apoio.
- A Xunta de Galicia intentará que as persoas con discapacidade accedan a un emprego con apoio.
No emprego con apoio, as persoas con discapacidade teñen axuda individual para aprender a realizar as funcións do seu traballo.
- Os servizos de orientación e intermediación laboral atenderán ben as persoas con discapacidade que buscan emprego.
Os servizos de orientación e intermedación laboral axudan as persoas a encontrar un traballo.
- A Xunta de Galicia axudará as persoas con discapacidade para que poñan en marcha un negocio.

- A Xunta de Galicia estudará a situación das persoas con discapacidade no emprego. Por exemplo, estudará o número de persoas con discapacidade que traballan ou os traballos que fan as persoas con discapacidade.
- As persoas con discapacidade deben decidir o traballo que queren facer e a súa formación.

5

Saúde

A Xunta de Galicia quere mellorar a saúde das persoas con discapacidade.

A Xunta de Galicia poñerá en marcha as seguintes accións para mellorar a saúde das persoas con discapacidade, coa axuda das asociacións das persoas con discapacidade:

- A Xunta de Galicia axudará a facer estudos sobre as necesidades de saúde das persoas con discapacidade.
- A Xunta de Galicia mellorará a atención sanitaria das persoas con discapacidade . Tamén mellorará os estudos sobre enfermidades que provocan discapacidade.
- A Xunta de Galicia traballará para que as persoas con discapacidade teñan os tratamentos e a rehabilitación que necesitan.

A rehabilitación quere manter ou devolver a maior autonomía ás persoas con discapacidade. Por exemplo, temos que facer rehabilitación cando rompemos unha perna, para poder volver a movela.

- A Xunta de Galicia mellorará a atención das persoas con discapacidade de máis idade.
- A Xunta de Galicia traballará para evitar as enfermidades que provocan discapacidade. Mellorará a detección precoz da discapacidade e tamén atención temperá dos nenos e nenas.

A detección precoz é descubrir e tratar o antes posible, a enfermidade ou dificultade dunha persoa.

A detección precoz mellora a situación da persoa ou fai que non empeore.

A atención temperá é un servizo para axudar a nenos e nenas de 0 a 6 anos, que teñen algún problema.

Tamén axuda a nenos e nenas sen problemas pero que poden ter algún problema máis adiante.

- A Xunta de Galicia intentará que as persoas con discapacidade coiden a súa saúde.

- A Xunta de Galicia informará as familias e a profesionais das asociacións de persoas con discapacidade sobre costumes de vida saudables. Por exemplo, facer deporte ou comer san.
- A Xunta de Galicia informará as persoas con discapacidade de que o exercicio físico é moi bo para a saúde. Tamén organizará actividades para que máis persoas con discapacidade practiquen deporte.
- As asociacións de persoas con discapacidade organizarán actividades para que as persoas con discapacidade teñan costumes de vida saudables.

- A Xunta de Galicia mellorará a accesibilidade dos centros de saúde e dos hospitais.

Para iso, poñerá sinais adaptados e persoas de apoio para axudar as persoas a orientarse polos centros de saúde e hospitais.

Haberá intérpretes de lingua de signos para atender as persoas xordas en urxencias.

A información importante será fácil de entender para todas as persoas con discapacidade.

- A Xunta de Galicia incluírá formación sobre discapacidade nos estudos e carreiras do persoal sanitario. Por exemplo, na carreira de medicina, na carreira de enfermería ou nos estudos de auxiliar de clínica.
- A Xunta de Galicia formará o persoal sanitario para que atendan mellor as persoas con discapacidade e as súas familias.

- A Xunta de Galicia traballará para mellorar a atención sociosanitaria.

A atención sociosanitaria é a atención que recibe unha mesma persoa dende os servizos sociais e os servizos de saúde.

Os servizos de saúde son por exemplo os centros de saúde e os hospitais. Os servizos sociais son, por exemplo, os traballadores e traballadoras sociais dos concellos.

Os servizos de saúde e os servizos sociais traballarán xuntos para mellorar a autonomía e participación na sociedade das persoas que atenden.

- As persoas con discapacidade participarán máis nas decisións sobre a súa saúde.

6

Servizos sociais

A Xunta de Galicia quere mellorar os servizos e axudas para as persoas con discapacidade e as súas familias.

A Xunta de Galicia vai poñer en marcha seguintes accións:

- A Xunta de Galicia aumentará o número de persoas que teñen o servizo de axuda no fogar.

As persoas que teñen o servizo de axuda no fogar, teñen a axuda dunha persoa que as coida e que lles axuda a facer as tarefas da casa.

- A Xunta de Galicia aumentará o número de **prazas** de respiro familiar.

No servizo de respiro familiar, persoal sociosanitario atende ás persoas con discapacidade para que as súas familias poidan descansar.

- A Xunta de Galicia aumentará o número de prazas nos centros para persoas con discapacidade sen cartos e sen familia que os coide.

Estas prazas son temporais, é dicir, as persoas están nestes centros, só durante un tempo.

Prazas:
número máximo de persoas que atende un servizo.

- A Xunta de Galicia aumentará o número de prazas en centros de día. Os centros de día atenden durante o día, a persoas con discapacidade que necesitan axuda na súa vida diaria. Por exemplo para comer, lavarse ou vestirse.
- A Xunta de Galicia aumentará o número de intérpretes de lingua de signos para axudar ás persoas xordas na súa vida diaria.
- A Xunta de Galicia aumentará o número de servizos de teleasistencia para atender a máis persoas. O servizo de teleasistencia é unha pulseira ou un colar cun botón para pulsar. As persoas que teñen este servizo levan a pulseira ou o colar todo o día. As persoas pulsan o botón para pedir axuda se a necesitan.
- A Xunta de Galicia mellorará os trámites para decidir se unha persoa ten discapacidade ou non. Tamén mellorará os trámites para pedir ou cambiar o certificado de discapacidade.

- A Xunta de Galicia mellorará a atención ás mulleres e homes con discapacidade que viven en zonas rurais.
- A Xunta de Galicia mellorará a accesibilidade dos seus centros de servizos sociais e dos centros de servizos sociais dos Concellos.
- A Xunta de Galicia estudará as necesidades das persoas con discapacidade e das súas familias. Terá en conta as necesidades das persoas con distintas discapacidades. Tamén terá en conta as necesidades das persoas que viven en cidades e das que viven en pobos.
- A Xunta de Galicia dará formación sobre discapacidade, ás persoas que traballan nos servizos sociais. Tamén dará formación ás persoas que están estudando para traballar nos servizos sociais.
- A Xunta de Galicia intentará conseguir que o persoal dos concellos, o persoal da Xunta e das asociacións de persoas con discapacidade, colaboren e traballen xuntos.

- A Xunta de Galicia axudará a poñer en marcha servizos sociais novos e máis modernos para atender ás persoas con discapacidade.
- A Xunta de Galicia revisará o traballo dos servizos sociais, para poder melloralos.
- A Xunta de Galicia quere que as persoas con discapacidade e as asociacións de persoas con discapacidade participen máis nas decisións sobre servizos sociais.

Anexo. Adaptación e validación da Estratexia

Este documento é a adaptación a lectura fácil do resumo da “Estratexia galega de discapacidade 2015-2020”.

A lectura fácil é un método de adaptación e redacción de textos para facer accesible a información e a cultura ás persoas con dificultades de comprensión lectora.

Inclusion Europe é a “Asociación Europea de Persoas con Discapacidade Intelectual e as súas Familias”. Creou o logotipo europeo de lectura fácil no ano 1998, que aparece na portada da Estratexia de cor azul escuro.

A utilización do logo europeo de lectura fácil, esixe o cumprimento das pautas de redacción de textos e deseño dos documentos, recollidas nas “Normas europeas de lectura fácil” de Inclusión Europe e explicadas no documento adaptado de Plena inclusión España “Información para todos”.

Ademais, o documento en lectura fácil, debe validarse con persoas con discapacidade intelectual que teñan como idioma nativo o idioma da publicación. O nome das persoas que validan o texto, debe aparecer na publicación.

A adaptación do resumo da Estratexia galega de discapacidade 2015-2020”, foi realizado por persoal de FADEMGA Plena inclusión, formado nas pautas de Inclusión Europe. A adaptación validouse con 4 persoas con discapacidade intelectual da Asociación ASPAS, de Santiago de Compostela. O proceso de validación do documento realizouse dende o 11 de xaneiro ó 27 de xaneiro de 2017, cun total de 13 sesións, de 1 hora e media de duración.

galicia



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA